



ROTEIRO AOS ANCARES- NAVIA “CANÓNS DO RÍO RAO – OS CORTÍNS”



Este roteiro descorrerá por fermosas paisaxes do concello de Navia de Suarna e permitiranos gozar ademais dos seus destacados valores biolóxicos, tamén duns elementos etnográficos moi representativos desta zona. Trátase das **alvarizas ou cortíns**, construcións de pedra (xisto na maioría dos casos) a ceo aberto, de forma circular ou ovalada destinadas á protección das colmeas (trobos) fronte ao ataque dos animais, principalmente osos. Os muros dos cortíns están cubertos xeralmente por lousas grandes que sobresaen cara ao exterior entre 15 e 30 cm, tendo unha función equivalente aos tornarratos dos hórreos. Na actualidade, a maioría destes cortíns están en estado de abandono debido ao despoboamento da comarca e á perda da actividade melífera.

O punto de partida do roteiro será a confluencia de **río Rao** co río Navia (300 m de altitude). Avanzando por camiños empregados no pasao polos carros, pasaremos pola aldeas deshabitadas de **Envernallúas** e de **Muruás**, podendo contemplar nesta última un dos cortíns máis maxestosos da zona. Posteriormente, pasaremos por **Prebello** e, seguindo camiño cara a **Asar**, poderemos tomar un descanso para refrescarnos nunha oportuna **fonte**. Pasando a continuación pola aldea de **Meda**, chegaremos ao punto de destino: **Rao** (600 m). Neste último tramo teremos ocasión de visualizar máis cortíns.

Lonxitude: 13 km.

Dificultade: media.

DOMINGO, 18 FEBREIRO DE 2018

Xeral.....	18 €
Socios/as.....	12 €
Estudantes e no paro.....	15 €
Ata 14 anos.....	5 €

Saída: Facultade de Formación do Profesorado (Av. Ramón Ferreiro) ás **9.00 horas**.

Reserva: chama previamente ao **679113718** ou ao **982240299**.

Levar: Roupas e calzado axeitados e **comida** para o camiño.



PRÓXIMOS ROTEIROS

11 Marzo – A minaría romana (Quiroga)

15 Abril – Fragas do Alto Eume – Xistral (Muras)

13 Maio – Ribeiras do Sor (Mañón)

10 Xuño – Costa da Vela (Cangas do Morrazo)



Ver a ruta “Val do Rao” en <mailto:https://es.wikiloc.com/rutas-senderismo/val-do-rao-12143326>

Este roteiro só inclúe a parte da ruta correspondente á vertente dereita (cara ao norte) do río Rao e que se sinala en vermello.

